

SEGUNDO

Nos importes indicados enténdense incluídos os importes correspondentes ao subministro de auga, sumidoiro e recollida do lixo de cada posto, agás supermercado.

Redondela, 19 de decembro de 2008.—O Alcalde, Xaime Rei Barreiro **2008013005**

• • •

RODEIRO

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Rodeiro, na sesión extraordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2008, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1 (suplemento de crédito/crédito extraordinario) do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2008, que se vai financiar con cargo a maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente.

De conformidade co disposto no artigo 177, en relación co artigo 169, do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o expediente foi exposto ao público, polo prazo de quince días hábiles, para que calquera persoa interesada puidera consultado e formular, no seu caso, as reclamacións que estimasen pertinentes.

Ao non terse presentado reclamacións contra a devandita modificación de créditos, esta considerase definitivamente aprobada.

Unha vez realizada a modificación obxecto deste expediente, o estado de gastos do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2008 presenta a seguinte distribución por capítulos:

ESTADO DE GASTOS

CAP.	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Operacións correntes		
1	Gastos de persoal	691 666,45 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	1. 120,063,67 €
4	Transferencias correntes	67.670,00 €
Operacións de capital		
6	Inversións reais	1.263.495,83 €
9	Pasivos financeiros	26.960,64 €
SUMA TOTAL DE GASTOS		3.169.946,59 €

Rodeiro, 19 de decembro de 2008.—O Alcalde, Manuel N. Salgado González. **2008012944**

• • •

T U I

E D I C T O

Quedando definitivamente aprobada a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial de instalacións municipais para exhibir propaganda en letreiros, carteleira e similares que se atopan na vía pública, así coma o resto de expedientes de modificacións de Ordenanzas Fiscais por aplicación de que dispón o número 3 do artigo 17 do RDL 2/2004, do 05.03, TRLRFL, e para dar cumprimento ó sinalado no apartado 4 de dito artigo, insírense o texto da mesma:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial de instalacións municipais para exhibir propaganda en letreiros, carteleiras e similares que se atopan na vía pública.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade co

disposto nos artigos 15 a 20 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Tui, establece a taxa por aproveitamento especial de instalacións municipais para exhibir propaganda en letreiros, carteleiras e similares que se atopan na vía pública a que se refire o artigo 20.3 s) do R.D. Lex. 2/2004, do 5 de marzo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, con normas que atenden ó previsto no artigo 58 do mencionado Real Decreto Lexislativo.

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

Constituirá o feito imponible desta taxa o aproveitamento especial ou utilización privativa de reloxos, carteleiras, paneis e demais instalacións de carácter municipal para exhibición de propaganda mediante carteis, letreiros e similares, que se atopan na vía pública.

Os efectos anteriores enténdense por vías públicas todas as rúas, prazas, parques, xardíns e espazos libres de uso público deste termo municipal.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados ó pagamento das presentes taxas as persoas físicas, xurídicas ou entidades as que se refire os artigos 35 e 36 da Lei Xeral Tributaria que utilicen ou se beneficien especialmente das instalacións municipais.

ARTIGO 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Agás o disposto en normas de rango de legal e tratados internacionais, non se admitiran exencións nin bonificacións nas taxas reguladas na presente ordenanza.

ARTIGO 4. COTAS

1. Por cada m² ou fracción ó mes ou fracción 6,16 €.
2. Cando se utilicen procedementos de licitación, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación; todo elo de acordo co disposto no artigo 24.1 b) do TRLRFL.

ARTIGO 5. DEVENGO E INGRESO

1. As taxas reguladas na presente Ordenanza devengaránse no intre en que se inicie o aproveitamento especial ou utilización privativa.
2. No intre de solicitude do aproveitamento especial, os suxeitos pasivos ingresarán polo procedemento de auto-liquidación o importe total das cotas resultantes da aplicación do artigo 4 desta Ordenanza, se o aproveitamento fose temporal.
Se se solicita un aproveitamento continuado no tempo, deberá ingresarse a cantidade correspondente a un semestre de aproveitamento.
3. A administración tributaria municipal practicará, no caso de aproveitamentos continuados, as liquidacións sucesivas con periodicidade semestral.

ARTIGO 6. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo as infraccións tributarias desta ordenanza, así coma cualificación das mesmas e sancións, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial conlevase a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houbese lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía total igual ó valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados.

O Concello no poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª.—No previsto nesta Ordenanza será de aplicación o previsto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.

2ª.—Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de Xaneiro do ano 2009, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Anexo á ordenanza da taxa pola distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións semellantes, cando tales servizos ou subministros sexan prestados polas entidades locais.

1.-Á tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

1.1.-Subministro e abastecemento de auga	
1.1.1.-Uso doméstico o trimestre	0,37 €/m³
1.1.2.-Excesos sobre 45 m³/trimestre	0,57 €/m³
1.1.3.-Uso industrial o trimestre	0,57 €/m³
1.1.4.-Excesos sobre 45 m³/trimestre	0,78 €/m³
1.1.5.-Convenios con outras entidades ou administracións públicas	0,24 €/m³
1.1.6.-Enganches provisionais:	
1.1.6.1.-Circos (período inferior a 1 semana)	
- Por enganche	20,06 €
- Fianza	96,64 €
1.1.6.2.-Postos, feiras, festas... (período non superior a un bimestre)	
- Por enganche	9,93 €
- Fianza	48,30 €

Devolución fianza: De oficio mediante informe do concelleiro-delegado ou do oficial encargado do servizo.

1.2.-Conexións:

1.2.1.-Por alta nova:	
a) En execución de obra por edificio e portal...	125,88 €
b) Vivendas-locais comerciais	120,40 €
c) Talleres, almacén e fábricas industriais	157,35 €
1.2.2.-Por alta non nova	60,17 €

A estes efectos considerase “alta non nova”, a que non se establece por vez primeira, ou cando o enganche solicitado sexa polo mesmo concepto do que se dispuña (doméstico/industrial)

1.3.-Contadores:

a) En propiedade.-O prezo do contador será o correspondente ó existente no mercado no momento de face-la petición; cun sobreprezo de 7,86 €, para cubri-los gastos administrativos da petición, almacenamento e o seu transporte.

B) En réxime de aluguer	ALUGUER/TRIM.
A) 1/2 polgada	1,39 €
B) 3/4 polgada	1,78 €
C) 1 polgada	2,42 €
D) 1 1/4 polgada	3,18 €
E) 1 1/2 polgada	4,21 €

1.4.-Traballos de enganche e outros feitos polo concello, en terreo público.

- Man de obra operario: 16,25 €
- Tubo de enlace, chaves de paso, accesorios,... E reposición firme;... Segundo custo mercado e informe valoración feito polo técnico municipal.
- O prezo dos traballos anteriores serán aboados polo solicitante unha vez que exista o presuposto técnico dos mesmos; namentres non se proceda ó seu pago non se efectuará a conexión”.
- Desprazamento con vehículo propio: o que sinala a orde no R.D. sobre indemnizacións.

2.-Ós prezos anteriores hai que incrementárlle-lo IVE correspondente; sendo independentes dos que poidan ser sinalados por disposicións estatais ou da comunidade autónoma.

3.-A tarifa mínima, consumase ou non, será polo importe de 45m³/trimestre.

4.-As débedas non satisfeitas en voluntaria serán satisfeitas na vía de constrinximento.

5.-As lecturas dos contadores para o control do consumo de auga e o seu cobro, farase trimestralmente.

6.-O solicitante, sempre que non sexa o propietario do inmovible, debe depositar, ó face-lo contrato de subministro de auga, unha fianza polo importe correspondente ó consumo mínimo de dous trimestres, ben de uso doméstico ou de uso industrial. A devolución de dita fianza farase unha vez que o solicitante interese a baixa, resolvendo o Concelleiro-Delegado do servizo.

Anexo da ordenanza fiscal reguladora da taxa por ensinanzas especiais nos establecementos docentes do Concello.

1. A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

1.1. No Conservatorio de Grao Medio:

CONTÍA:

a) A matrícula para o curso 2009/2009 establécese, na contía de 769,00 € alumno.

b) A matrícula por asignaturas soltas, correspondentes ó 6.º curso, establécese na contía de 150,00 €/ asignaturas.

1.2. NA ESCOLA DE MÚSICA:

CONTÍA: a) A matrícula para o curso 2009/2010 establécese, por cursos, nas seguintes contías:

CURSO	IMPORTE ALUMNO/CURSO
Música Movemento	244,20
Preparatorio	411,40
1.º	411,40
2.º	436,70
3.º	436,70
4.º	436,70
Mantemento	411,40

1.3. Exencións e Bonificacións:

a).-Exención do 100% da taxa ós membros das familias numerosas clasificadas na categoría especial, segundo art. 4.1 a) da Lei 40/2003, do 18.11.

b).-Bonificación do 50% da taxa para os membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral, segundo art. 4.1.b) da lei anterior.”

1.4. O pagamento poderase fraccionar en dúas veces:

a).-O primeiro pago, no mes de xullo, data de inscrición da matrícula, na porcentaxe do 50% do custo total; e, no mes de outubro, data da matrícula para os alumnos que superen a proba de acceso no mes de setembro.

b).-O segundo pago, 50% restante, antes do día 15 do mes de decembro do ano do comezo do curso.

c).-Para poder efectuar o pago en dous prazos é necesario non ter débedas relativas o conservatorio, e que o pago do segundo prazo se efectúe a través de domiciliación bancaria.

2.) As débedas non satisfeitas en voluntaria esixiranse pola vía de constrinximento.

Anexo á Ordenanza da Taxa de Documentos que expidan ou de que entendan as Administracións ou autoridades locais, a instancia de parte.

1.-A estrutura e contía desta taxa será a seguinte: **EUROS**

1.1.-Certificacións que se expidan sobre datos, documentos e antecedentes de data anterior a cinco ou máis anos, devengarán un recargo por búsqueda e cotexo de datos en arquivo, por cada quinquenio ou fracción e plego 9,55

1.2.-Informacións testificais ante a Alcaldía 9,55

1.3.-Informes emitidos sobre normas urbanísticas a petición da parte interesada 19,10

1.4.-Solicitudes para selección de persoal:

Oposición, concurso-oposición ou contratación laboral:

Grupos A e B 15,34

Grupos C, D e E 7,75

1.5.-As tarxetas de licenza municipal para automóbiles de servizo público, permiso de conducir, ou a renovación de ambos 15,54

1.6.-Certificacións do Padrón de habitantes, por altas, baixas, e alteración do padrón:

1.6.1.-VIXENTES	2,29
1.6.2.-De censos anteriores	9,55
1.6.3.-As certificacións que se expidan para os efectos de matriculación nos colexios públicos de EXB, FP, BUP e Conservatorio de Música-Escola de Musica, sitios neste termo municipal, que serán gratuítas:	
1.7.-Certificacións Catastrais de fincas rústicas ou urbanas	10,77
1.8.-Declaracións xuradas, autorizacións e comparecencias	3,82
1.9.-Compulsas de documentos:	
1.9.1.-PRIMEIRO PREGO	1,75
1.9.2.-Segundo prego e seguintes, sempre que pertencen ó mesmo documento por prego	0,38
1.9.3.-As compulsas para matriculación nos centros que se sinalan nos apartados 1,63, e para opositar a convocatorias de prazas deste concello, serán gratuítas.	
1.10.-Por calquera outro documento ou expediente non expresamente tarifado	3,82
1.11.-Esbozos orixinais de atestados de tráfico feitos pola P. Local	15,39
1.12.-Copias de fotografías, idem. anterior	1,92
1.13.-Anuncios de particulares no BOP, prensa, etc, que terán que aboar ,previamente, na Tesourería Municipal o custe da publicación.	
1.14.-FOTOCOPIAS DE DOCUMENTOS OBRANTES NESTA ADMINISTRACIÓN, POR CADA UN	0,12
1.15.-Copia total de planos e ordenanzas do PXOU:	
a) por exemplar	354,51
b) por folia solta	3,93
1.16.-Copia total de planos e ordenanzas do PCH:	
a) por cada exemplar	287,08
b) por folia solta	1,70
1.17.-Fotocopia de ordenanzas e regulamentos municipais, por cada exemplar	4,31
1.18.-Disco para estacionamento na zona azul	0,60
1.19.-Volantes de empadramento	0,75
2.-As débedas non satisfeitas en voluntaria esixiranse pola vía de constrinximento.	

Anexo á Ordenanza da Taxa de Recollida do Lixo

A estrutura e contía desta Taxa Ó ANO, será a seguinte:

1.-No casco urbano:	EUROS/ANO
1.-Actividades profesionais, sen ter en conta a superficie do local e pequenos negocios con superficies inferiores a 40 m ² , excluídos os non incluídos noutros apartados	132,31
1.2.-Fondas, pensións, surtidores e outros locais comerciais,cunha superficie superior a 40 m ² ou inferior a 90 m ² e non incluídos noutros apartados	233,36
1.3.-Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en xeral cunha superficie inferior a 90 m ²	378,22
1.4.-Pensións e outros establecementos cunha superficie de 90 a 250 m ² , excluídos os comercios polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en xeral	630,27
1.5.-Industrias, restaurantes, cines,e comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en xeral cunha superficie ata 250 m ²	756,30
1.6.-Ídem anterior superficie de mais de 250 m ²	1.483,10
1.7.-Supermercados, hoteis, areas comerciais, entidades financeiras, e similares, cunha superficie de 90 ata 250 m ²	945,33
1.8.-Entidades financeiras cunha superficie de mais de 250 m ²	1.853,92
1.9.-Vivendas	84,79
2.-Fóra da delimitación do Casco Urbano:	
2.1.-Locais comerciais con superficie inferior a 250 m ² , sinalarlles unha tarifa anual de	126,17
2.2.-Entidades financeiras, discotecas, pubs e similares de superficie ata 250 m ²	984,71
2.3.-Entidades financeiras, discotecas, pubs e similares de superficie superior a 250 m ²	1.931,13
2.4.a)- Talleres, almacéns e fábricas industriais, emprazados fóra de zonas sinaladas no PXOM como polígonos industriais sinalarlle unha tarifa anual de	189,33

2.4.b) Ídem anterior, emprazados dentro de zonas sinaladas no PXOM como polígonos industriais, sinalarlles un tarifa anuais seguintes, segundo a súa superficie:

Ata 250 m ²	189,33€
De 251 a 500 m ²	230,35€
De 501 a 750 m ²	442,98€
De 751 a 1000 m ²	549,30€
De 1001 a 1250 m ²	1.160,61€
De 1251 a 1500 m ²	1.568,15€
De 1501 a 1750 m ²	1.971,26€
De mais de 1750 m ²	2.653,45€
2.5.-Balnearios	1.893,25

2.6.-Casa de turismo rural e similares cunha superficie de 90 m² a 250 m²

88,34

2.7.-Idem. anterior de máis de 250 m² de superficie

176,66

2.8.-Vivendas

55,33

3.-No casco urbano ou fóra da delimitación do mesmo:

* Urbanizacións, como no casco urbano

3.1.-Estacións de servizo, de autobuses

787,84

3.2.-Comercio mixto ou integrado en grandes superficies ou hipermercados, hoteis, hostais, moteis, cunha superficie superior a 250 m² e ata 300 m², sinalarlles unha tarifa anual

3.786,60

3.3.-Ídem anterior, de mais de 300 m² e ata 400 m², sinalarlles unha tarifa anual de

5.679,85

3.4.-Ídem anterior, de mais de 400 m² e ata 1000 m², sinalarlles unha tarifa anual de

7.536,25

3.5.-Ídem anterior, de mais de 1000 m², sinalarlles unha tarifa de

8.835,37

4.-As débedas non satisfeitas en voluntaria serán satisfeitas na vía de constrinximento.

5.-A alta no padron farase ó titular da vivenda ou ó seu cónxuxe, debendo ser en ámbolos dous casos, o mesmo que figure no Padrón da Taxa de subministro de auga e no caso do exercicio de actividades comerciais, industriais ou profesionais, ás persoas naturais ou xurídicas que figuren de alta no IAE.

A alta terá efectos dende o momento da solicitude, que formule a parte interesada, para conexión de auga, apertura de establecemento, ou dende o comezo do desenvolvemento da actividade.

6.-As cotas sinaladas anteriormente por local ou vivenda, serán independentes aínda que pertencen ó mesmo propietario e teñan comunicación interior.

7.-A cota anual liquidarase por períodos trimestrais.

Anexo á Ordenanza da Taxa de Sumidoiros, así como de tratamento e depuración de augas residuais, incluída a vixilancia especial de sumidoiros particulares.

1.-A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

1.1-Por utilización de servizo	€/ano	€/trim.
1.1.1.-Por cada vivenda	44,05	11,01
1.1.2.-Establecementos comerciais e mercantís, non sinalados nos epígrafes seguintes	139,99	35,00
1.1.3.-Cafeterías e bares	248,27	62,07
1.1.4.-Restaurantes con servizo de cafetería ou bar	495,63	123,91
1.1.5.-Hoteis, hostais, sen cafetería, bar ou restaurante e empresas, de menos de 10 camas ou obreiros	248,27	62,07
1.1.6.-Ídem. anterior, entre 10-20 camas ou obreiros	427,57	106,89
1.1.7.-Ídem anterior con máis de 20 camas, discotecas, "pubs" similares; e, empresas cun número superior a 20 obreiros	495,63	123,91
1.1.8.-Hoteis hostais con cafetería ou bar, con menos de con menos de 20 camas	498,40	124,60
1.1.9.-Ídem anterior , con máis de 20 camas	580,70	145,17
1.1.10.-Hoteis, Hostais, con mais de 20 camas e restaurante	644,96	161,24
1.1.11.-Ídem.anterior, o exceso por cama e obreiro	28,91	7,23
1.1.12.-Establecementos de comercio ó por maior ou por menor de calquera clase de produto alimenticio ou bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en almacén ou supermercados cando a súa superficie sexa inferior a 120 m ²	434,82	108,71
1.1.13.-Ídem anterior superior a 120 m ²	543,82	135,88

2.-Por dereito de conexión; cada vivenda ou local 171,59
Esta tarifa terá unha redución do 10, 20, ou 30% cando no edificio construído o número de vivendas e locais sexa superior a 12, 24, 36 ou mais,... respectivamente

3.-As acometidas do servizo de sumidoiros dende a rede xeral ata o exterior da finca a acometer, serán feitas polo concello ou o propietario; no 1º caso as obras serán a cargo do mesmo, podendo subministrá-las materiais necesarios o propietario, ou no seu defecto, aportalos o concello, liquidándose pola oficina de obras o importe dos xornais dos obreiros municipais, ou no seu caso, dos materiais segundo os prezos de venda ó público, notificando a liquidación ó interesado o cal deberá face-lo ingreso na tesourería municipal con anterioridade ó comezo das obras; e, no 2º caso, baixo a supervisión municipal para o cal deberá, unha vez solicitada e concedida a licenza, comunicar con antelación suficiente o inicio das obras.

4.-As débedas non satisfeitas en voluntaria esixíranse pola vía de constrinximento.

5.-A cota anual liquidarase por períodos trimestrais

Tui, a 16 de decembro de 2008.—O Alcalde, Antonio F. Fernandez Rocha. 2008012807

• • •

VILAGARCÍA DE AROUSA

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2008, acordou aprobar o proxecto que a seguir se relaciona, redactado pola Oficina Técnica Municipal:

DENOMINACIÓN

Proxecto de acondicionamento de edificio para U.A.D. e saúde Mental (1ª fase cuberta).

IMPORTE

50.417,47 €

O que se fai público para xeral coñecemento.

Vilagarcía de Arousa, a 20 de novembro de 2008.—A Alcaldesa-Presidenta, María Dolores García Giménez. 2008012067

EDICTO

Durante o prazo de dez días pódense presentar reclamacións en relación coa solicitude de don Óscar Manuel Vidal Pérez para a instalación, apertura e funcionamento dun local para o exercicio da actividade de cafetería (epígrafe 672.3: cafetería dunha cunca), a emprazar na rúa Eduardo Pondal, 33-baixo, Avda. López Ballesteros, 40-baixo.

Vilagarcía de Arousa, 27 de novembro de 2008.—A Alcaldesa-Presidenta, María Dolores García Giménez. 2008012477

EDICTO

Na sesión plenaria celebrada o día 6/11/2008 acordouse a aprobación provisional do establecemento, derogación e/ou modificación dos expedientes das Ordenanzas Fiscais nº 1, 2, 6, 13, 15, 25, 26 e 31.

O Edicto de aprobación provisional foi exposto ó público e publicado no B.O.P. nº 221, do xoves 13/11/2008, sen que se presentasen reclamacións.

Cumprido o prazo de exposición ó público da aprobación provisional, de acordo co establecido no artigo Art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan definitivamente aprobados os expedientes seguintes, e de acordo co número 4 do mesmo artigo publícase o texto dos mesmos.

ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E OUTROS SERVIZOS MUNICIPAIS

BENEFICIOS FISCAIS

ARTIGO 5º.

1.—Non estarán suxeitos á Taxa aqueles contribuintes nos que conorra algunha das seguintes circunstancias:

1ª.—Soliciten compulsa de documentos e certificacións requeridos pola propia Administración Municipal.

COTA TRIBUTARIA

ARTIGO 7º.

A estrutura e contía desta taxa, será a que figura na seguinte:

Bastanteo de poderes:

Bastanteo de poderes para licitacións e outros de carácter xeral: 20,00 €

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 6 de novembro de 2008, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO

FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2:

1.—Constitue o feito imponible da Taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, así como calquera outro uso dos especificados nas tarifas, *sempre e cando o contenedor de residuos non diste máis de 250 m. dos inmobles e sexa posible ter un en distancia máis próxima.*

COTA TRIBUTARIA

ARTIGO 6:

b) Á cuota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 0,50 en base á capacidade económica do suxeito pasivo, de conformidade co establecido no artigo 24.4 do RDL 2/2004, no suposto en que se cumpran os seguintes requisitos:

Cando os ingresos totais anuais, prorrateados por meses, non superen o SMI.

E non se dispoña de máis propiedades que a vivenda onde residan.

Para as unidades familiares de convivencia nas que os ingresos mensuais prorrateados superen a referencia do SMI, aplicarase o coeficiente exposto cando o importe dos devanditos ingresos, na parte que exceda do SMI, dividida entre o número de membros (excluído o perceptor), non supere os 100,00 €, conforme á seguinte fórmula:

$$\frac{\text{Importe ingresos mensuais prorrateados} - \text{SMI}}{\text{Exceso: N}^\circ \text{ de membros (excluído o perceptor)}} = \text{exceso}$$

$$\text{Exceso: N}^\circ \text{ de membros (excluído o perceptor)} = \text{menos de } 100,00 \text{ €}$$

A redución exposta terá carácter rogado debendo adxuntar á solicitude a documentación que sexa requerida polos servizos sociais do Concello, así como xustificante de estar ó corrente de pago nos tributos municipais, e surtirá efectos a partir do período de facturación seguinte a aquél no que se solicite.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, foi aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 6 de novembro de 2008, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.